

**ACTA Nº 2 DA MESA CONSTITUÍDA PARA A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DE PAPEL-CARTÓN DO CONCELLO DE OROSO (EXPDTE DE CONTRATACIÓN Nº 2011/010).**

**LUGAR:** Sala de Xuntas da Casa do Concello de Oroso  
**DATA:** 28/04/2011  
**HORA COMEZO:** 10:40 horas

**ASISTENTES:**

Manuel Mirás Franqueira (alcalde-presidente), Presidente  
 José María Castro Rial (concelleiro de parques e xardins e limpeza viaria), vogal  
 Dalmiro Núñez Méndez (secretario do Concello), vogal  
 Félix M. Carrasco del Pozo (interventor do Concello), vogal  
 Manuel Suarez Bermudez (arquitecto do Concello), vogal  
 Javier Santos González (funcionario adscrito ao departamento de Secretaría), secretario

**ORDE DO DÍA:**

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior
- 2.- Valoración da documentación contida no sobre C subtítulo Documentación Técnica.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Na Sala de Xuntas do Concello de Oroso, sendo as 10:40 horas do día 28/04/2011, reúnen as persoas referidas no apartado asistentes e, tras a súa lectura, apróbbase por unanimidade a acta da sesión anterior, correspondente ao 18/04/2011.

**2.- APERTURA E VALORACIÓN DA DOCUMENTACIÓN CONTIDA NO SOBRE C SUBTITULADO DOCUMENTACIÓN TÉCNICA**

Comeza o Acto Público de apertura da documentación técnica, procedéndose de acordo coas formalidades establecida no artigo 83 do RGCAP.

Seguidamente procédese á apertura das proposicións presentadas no sobre "C" substituído DOCUMENTACIÓN TÉCNICA, polos licitadores admitidos de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato aprobadas por Resolución de Alcaldía do 09/03/2011, resultando o seguinte (por cada concepto, un máximo de 12 puntos):

Concepto	Proposta	Puntos
Plan de prestación do servizo	Recollida no núcleo urbano e no rural. Duración estimada das rutas de recollida é de seis horas e media. Os colectores situaranse en isletas que agrupen tanto as orgánicas como reciclables e como mínimo xunto os colectores destinados a recollida selectiva monomaterial de vidro. situaranse en zonas nas que quede garantido o acceso sseguro para os usuarios e o tráfico. Servizo de limpeza dos colectores (duas veces o ano. lavado externo, reparación de anclaxes e material férrico do contedor e conservación dos elemento identificativos do servizo na superficie) Reparación de totalas averías que se produzan nos contedores sempre que non sexa debido a actos vandálicos.	10



Campañas sensibilización medioambiental	Campaña xenérica de información ao cidadan a traves de panfletos, trípticos. Visita didáctica a un Punto Limpo e visita guiada a COREGAL para os colexios e institutos. Contacto continuo durante o horario laboral cos usuarios mediante telefono, fax e email para o asesoramento en materia de reciclaxe.	10
Nº e características dos contenedores	41 existentes (7 colectores de 3m cúbicos e 34 colectores de 2500 litros) mais 5 de (3000 litros) que cederá COREGAL	10
Frecuencia de recollida	Dúas recollidas semanais tanto no núcleo urbano como no rural (de 14:00 a 20:30)	10
Prestacións accesorias	Cesión de 5 contedores de 3000 litros durante a vixencia do contrato. Servizo de recollida gratuito de arquivos e documentación confidencial nos edificios de organismos oficiais para a súa selección e destrución certificada (máximo 2 servizos anuais).	10

**Puntuación oferta técnica: 50 puntos**

A mesa, considerando que soamente un único licitador (COGAMI reciclado de Galicia S.L COREGAL) presentou oferta no procedemento aberto con pluralidade de criterios, decide proceder seguidamente a apertura do sobre “A” subtulado “Proposición económica”, resultando o seguinte:

Oferta económica correspondente ao artigo 7.a) dos pregos de clausulas administrativas:

0,14 euros/quilo mais IVE de 0,0112 euros/quilo: A baixa con respecto o precio de licitacion é dun 44%:  
**55 puntos**

Oferta economica correspondente ao artigo 7.b) dos pregos de clausulas administrativas:

-30% sobre o prezo medio trimestral vixente en cada momento Calidade 1.01 (Norma UNE-EN 643) segundo estadísticas publicadas por ASPAPEL (sen IVE): **-15 Puntos**

Puntos en base aos coeficientes de revisión ofertados:

Coefficiente A: 0,5

Coefficiente C: 0,1

A+C= 0,6 : **8,58 puntos**

**Puntuación total da oferta económica: 48,58**

Polo tanto, a mesa acorda propor ao órgano de contratación a adxudicación do contrato do servizo de recollida de papel-cartón do Concello de Oroso a COGAMI RECICLADO DE GALICIA S.L (COREGAL) por ser a mellor oferta , e única

Sendo as 11:00 horas, a Mesa dá por terminado o acto. De todo o transcorrido nesta acta, que asina o presidente, eu, secretario da Mesa, dou fe.

PRESIDENTE

VOGAIS

SECRETARIO